

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas en materia agroforestal, por entidades de iniciativa social, dedicadas a fomentar a integración social e laboral de persoas con discapacidades ou en risco de exclusión social na Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2011.

O Regulamento (CE) 1081/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Social Europeo, establece no seu artigo 2 como función do FSE a de contribuír a executar as prioridades da comunidade no que atinxe ao reforzamento da cohesión económica e social e apoiar as políticas dos Estados membros destinadas, entre outras cousas, a promover a inclusión social e, en particular, o acceso das persoas desfavorecidas ao emprego. No desempeño de tales funcións, o FSE atenderá as prioridades e obxectivos da comunidade derivadas das necesidades en materia de educación e formación, do incremento da participación das persoas economicamente inactivas no mercado de traballo, da loita contra a exclusión social, en particular, dos grupos desfavorecidos, como das persoas con discapacidades, do fomento da igualdade entre homes e mulleres e da non discriminación.

O artigo 3 do mesmo regulamento, que define o ámbito de intervención do FSE, establece entre as accións para apoiar nos Estados membros a de potenciar a inclusión social das persoas desfavorecidas, fomentando, en particular, os itinerarios de inserción e reingreso laboral para as persoas desfavorecidas, como as vítimas de exclusión social, a mocidade que abandona prematuramente os estudos, as minorías, as persoas con discapacidades e para aquelas que coidan de persoas dependentes, a través de medidas que faciliten o emprego, entre outras, no ámbito da economía social, do acceso á educación e formación profesionais, así como dos oportunos servizos de apoio, comunitarios e de atención que aumenten as oportunidades de emprego.

Neste marco, a Consellería do Medio Rural considera necesario apoiar as accións formativas en materia agroforestal destinadas a potenciar a inclusión social e laboral das persoas desfavorecidas ou con discapacidades a través das entidades de iniciativa social radicadas en Galicia que actúen no medio rural. Tales accións serán cofinanciadas polo Fondo Social Europeo nun 80%.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro; pola Lei 12/1989, do 4 de outubro, pola Lei 7/2002, do 27 de decembro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e efectuar a convocatoria das subvencións destinadas a financiar as accións formativas en materia agroforestal, para o ano 2011, das entidades de iniciativa social que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas desfavorecidas ou discapacitadas no medio rural da Comunidade Autónoma de Galicia, atendendo aos principios de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

Artigo 2. *Beneficiarios.*

1. Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta orde as entidades de iniciativa social, referidas no artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que acrediten reunir as condicións para realizar a actividade formativa solicitada e cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 291/1995, do 3 de novembro, e pola Orde do 5 de febreiro de 1996 que o desenvolve.

b) Carecer de fins de lucro.

c) Ter o seu domicilio social en Galicia e que o seu ámbito de actuación sexa o medio rural.

d) Ter realizado actividades de formación continua ou ocupacional vinculadas ao sector agropecuario e forestal.

e) Cumprir os requisitos establecidos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Todos os requisitos sinalados deberán cumprirse na data que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución do programa subvencionado.

Artigo 3. *Accións subvencionables.*

1. As accións subvencionables ao abeiro desta orde estarán destinadas á formación en materia agroforestal de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, para facer posible a súa integración sociolaboral, ou que pertenczan a colectivos en risco de exclusión social. Cada entidade solicitará como máximo unha única acción formativa, cunha duración mínima de 40 horas.

2. Enténdese por colectivos en risco de exclusión social os definidos no artigo 3 da Orde do 26 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social.

3. De acordo co previsto no artigo 5.3.º do Estatuto de autonomía de Galicia, nas accións formativas reguladas por esta orde, así como na súa documentación escrita, material didáctico, publicidade e difusión empregarase de xeito preferente a lingua galega.

Artigo 4. *Contía das axudas.*

1. A contía máxima subvencionable será de 6.000 euros por acción formativa e entidade.

2. As cantidades máximas estipuladas da axuda establécense para cada acción formativa e en función do número de asistentes, que se cifra nun máximo de 30 e un mínimo de 8 para as persoas con discapacidades, e de 15 para as de risco de exclusión social.

Artigo 5. *Gastos subvencionables.*

1. Conforme o establecido nas normas sobre elixibilidade aplicables ás axudas financiadas polo Fondo Social Europeo e, en especial, no artigo 11 do Regulamento 1081/2006, do Parlamento e do Consello, do 5 de xullo, relativo ao Fondo Social Europeo, na Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2007-2013, e na Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo, que a modifica, serán gastos subvencionables os que a seguir se relacionan.

Serán considerados gastos directos:

a) Gastos do persoal necesario para a execución das actividades formativas. Serán subvencionables as retribucións totais correspondentes, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social. O tope máximo para xustificar no punto de gastos de persoal será o 65% da axuda concedida.

b) Gastos de seguros de accidentes do profesorado e do alumnado e, de ser o caso, importe da póliza de responsabilidade civil para afrontar os riscos que para os bens ou persoas poidan derivar da realización das actividades do curso.

c) Gastos de medios e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento da acción.

d) Outros gastos xerais orixinados no desenvolvemento da acción, que comprenderán os seguintes:

– Gastos de transporte motivados pola realización de viaxes didácticas previstas no programa da actividade formativa.

– Gastos derivados do pagamento de entradas no caso de que a visita didáctica orixínase ese tipo de gasto. A suma desta epígrafe e mais a anterior non poderán superar o 45% dos custos xerais.

– Gasto de publicidade da actividade formativa.

– Alugamento de locais e instalacións.

– Alugamento de maquinaria e equipamentos para a acción formativa.

– Gastos de manutención e de transporte ata un máximo de 6 euros por participante e día de asistencia á acción formativa.

Serán considerados gastos indirectos:

– Gastos de enerxía eléctrica, combustible, mantemento das instalacións e equipamentos formativos.

– Alugamento de locais e instalacións comúns a outras accións da entidade.

– Gastos de limpeza do lugar ou lugares da realización das actividades formativas: aulas, talleres e elementos comúns.

– Gastos de persoal administrativo.

– Calquera outro que por petición da entidade e a xuízo da Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais poida ser considerado como tal.

2. As dúbidas ou controversias en relación coa elixibilidade dos gastos serán resoltas pola Consellería do Medio Rural por propia iniciativa ou por petición de calquera das entidades beneficiarias.

Artigo 6. *Obrigas das entidades beneficiarias.*

As entidades beneficiarias das axudas deberán cumprir as seguintes obrigas xerais:

a) Facer constar en todos os documentos e publicidade da acción formativa os anagramas da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo. Así mesmo, no seu desenvolvemento informaranse os participantes de que o curso está financiado pola Consellería do Medio Rural e polo Fondo Social Europeo.

b) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas ou polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos. En especial, e dado que as subvencións concedidas ao abeiro desta orde están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, as entidades beneficiarias garantirán, durante un período de tres anos a partir do peche do Programa operativo ou ben durante un período de tres anos a partir do ano en que tivese lugar o peche parcial deste, a dispoñibilidade dos documentos xustificativos dos gastos e da realización da actividade cofinanciada, de xeito que os gastos subvencionados se podan identificar na súa contabilidade.

c) Remitirle á Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, antes do inicio da acción formativa e co fin de planificar a supervisión de cada curso por parte da Administración, unha comunicación en que se consigne a planificación temporal e horaria do programa das actividades que se vaian realizar, as datas exactas de inicio e remate e o enderezo completo do lugar en que se realizará, así como as solicitudes dos interesados en participar na acción formativa programada pola entidade beneficiaria de acordo co anexo II da orde.

d) Someterse ás actuacións de supervisión e control que en calquera momento poidan acordar os servizos competentes da Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, tanto no relativo ao desenvolvemento da acción formativa coma á súa xestión e tramitación administrativa, e comunicar calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar o desenvolvemento da actividade formativa.

e) Ao rematar a acción formativa, as entidades beneficiarias terán a obriga de remitirle á Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais unha copia dun exemplar da publicidade empregada no curso e o impreso do Fondo Social Europeo para o seguimento das actuacións, que se lles facilitará aos beneficiarios xunto coa resolución, debidamente cuberto.

Artigo 7. Solicitudes de accións formativas, prazo e resolución.

1. As entidades que, reunindo os requisitos sinalados nesta orde, desexen realizar as accións formativas descritas no artigo 3, deberán formalizar a correspondente solicitude no modelo normalizado que se publica como anexo I e está dispoñible na páxina web da Consellería do Medio Rural.

2. A solicitude será subscrita polo representante legal das entidades e xuntaralle a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da inscrición no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 291/1995, do 3 de novembro, e pola Orde do 5 de febreiro de 1996 que o desenvolve.

b) Documentación acreditativa da representatividade suficiente para asinar a solicitude.

c) Fotocopia do CIF da entidade.

d) Certificado en que se fagan constar as actividades formativas de temática agroforestal realizadas nos dous últimos anos no eido da inserción social e a titulación académica do profesorado.

e) Memoria co programa detallado da acción formativa, obxectivos que se pretenden alcanzar, o seu orzamento, a descrición do perfil dos destinatarios, o criterio de selección destes e o número previsto, o período de execución, a localización territorial e a metodoloxía que se vaia utilizar.

f) Relación detallada de dotacións, equipamentos e medios materiais que se utilicen no seu desenvolvemento e unha descrición dos locais en que se vaia desenvolver o curso.

g) Certificación da entidade bancaria que acredite a existencia da conta a nome da entidade solicitante.

3. As solicitudes presentaranse preferentemente no rexistro da Consellería do Medio Rural, en calquera das súas dependencias provinciais e oficinas agrarias comarcais ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4.º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e irán dirixidas ao conselleiro do Medio Rural.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

5. Se a documentación achegada estivese incompleta, requirirase o solicitante para que no prazo de 10 días hábiles proceda a corrixir as deficiencias detectadas mediante a presentación da documentación requirida. Se non o fixer, considerarase que desiste da súa solicitude, logo de resolución nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. O procedemento a seguir para a resolución das solicitudes é o seguinte:

a) As solicitudes presentadas coa documentación correspondente remitiranse no seu prazo á Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais.

b) Para a análise e valoración das solicitudes constituirase unha comisión de avaliación, que será a encargada de realizar o informe para que a directora xeral formule a proposta de resolución e posterior elevación ao conselleiro do Medio Rural.

c) A Comisión de Avaliación estará presidida polo subdirector xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica e dela tamén forman parte: como secretario, un funcionario do Servizo de Formación Agroforestal, e, como vogais, o xefe do Servizo de Formación Agroforestal e o xefe do Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatística e Publicacións.

Se por calquera causa, no momento en que a Comisión de Avaliación teña que examinar as solicitudes, algún dos seus integrantes non puidese asistir, será substituído polo funcionario que para o efecto designe a directora xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais.

d) A Comisión de Avaliación valorará as solicitudes de acordo cos seguintes criterios:

1. Calidade do proxecto exposto na memoria en que se detalla o programa da acción formativa en función dos obxectivos perseguidos e do perfil dos usuarios que se van atender no eido da integración sociolaboral (definición do perfil dos destinatarios, contidos concretos e axeitados ao perfil destes, descrición das accións que se van realizar, contidos teórico-prácticos ben definidos, presentación da programación, outros): ata 40 puntos.

2. Solvencia técnica, determinada en función da experiencia previa acreditada na realización de programas de inserción sociolaboral para persoas en situación de exclusión social ou con discapacidades, e dos medios técnicos de que dispón (accións realizadas no eido da inserción de colectivos en risco de exclusión/discapacitados, accións realizadas no mundo agroforestal, accións realizadas nas convocatorias de ordes anteriores, disposición de aulas, campos de prácticas propios ou en convenio con outras entidades públicas ou privadas, instalacións en xeral, profesorado adecuado, outros): ata 20 puntos.

3. Carácter innovador das actuacións que se van desenvolver no ámbito da inclusión social (coa achega, se é o caso, da documentación que acredite este carácter innovador): ata 15 puntos.

4. Dimensión e eficacia social da entidade, que poderá avaliarse, segundo os casos, en relación ao número de persoas atendidas, a área xeográfica cuberta e o impacto social das actividades desenvolvidas (entidades que se dedican a inserción de colectivos en riscos de exclusión/discapacitados, outras entidades como asociacións rurais, centros de desenvolvemento ..., ámbito de actuación no medio rural, outros): ata 20 puntos.

5. Desenvolvemento das accións en zonas de montaña ou desfavorecidas (de acordo coa relación de zonas desfavorecidas na Comunidade Autónoma de Galicia definida conforme o Regulamento (CE) 1257/1999): 5 puntos.

e) Coas solicitudes que obteñan a puntuación mínima establecida pola Comisión de Avaliación e de acordo coa valoración realizada, poderanse establecer intervalos de pun-

tuación en que a intensidade da axuda irá aumentando progresivamente, de forma que as solicitudes que obteñan unha valoración máis alta perciban unha contía maior de axuda.

f) A resolución de aprobación ou denegación das solicitudes, logo do informe da Comisión de Avaliación, e por proposta da Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, correspóndelle ao conselleiro do Medio Rural.

g) As solicitudes poderanse entender denegadas se non se ditase resolución expresa no prazo de catro meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

h) De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a entidade solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso.

i) A concesión ou denegación da axuda seralle notificada directamente aos interesados, a través da Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso de reposición perante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, ou directamente, recurso contencioso-administrativo perante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

j) No caso de se producir a renuncia dunha entidade á subvención concedida, esta poderá ser empregada para conceder axuda ás entidades seguintes na orde de valoración, sempre e cando poidan ser cumpridos os prazos de actuación e certificación estipulados nesta orde.

k) Por estar a axuda cofinanciada polo FSE, na resolución de concesión informarase a entidade beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación conforme o previsto no artigo 7.2.º d) do Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro.

As entidades beneficiarias deberán publicitar o seu cofinanciamento con FSE, conforme o exixido na normativa comunitaria (Regulamento (CE) 1828/2006) e seguindo as indicacións recollidas na Guía de publicidade e información das intervencións cofinanciadas polos fondos estruturais no período 2007-2013 en Galicia.

Artigo 8. Modificación da resolución da concesión e reintegro das subvencións concedidas.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

2. Procederá o reintegro total ou parcial da contía da subvención percibida xunto cos xuros de demora producidos desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos casos previstos no artigo 33 da citada Lei 9/2007.

3. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con axudas ou subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

4. A tramitación do correspondente expediente de reintegro realizarase de acordo co procedemento establecido no capítulo II do título II (artigo 37 e ss.) da referida Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

5. As cantidades para reintegrar polos beneficiarios terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para a súa cobranza o previsto nos artigos 19 e 23 do texto refundido da Lei 11/1992, de réxime económico e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 9. Pagamento e forma de xustificación das subvencións.

1. Unha vez ditada a resolución pola que se concede a subvención, procederá ao pagamento e xustificación segundo o disposto na citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

2. Ao abeiro do establecido no artigo 62.dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderase acordar no momento da concesión un anticipo de pagamento de ata o 60% e

librarase o 40% restante no momento da completa xustificación, por parte do representante legal do beneficiario do cumprimento, da finalidade e demais condicións para as cales foi concedida, mediante un balance de ingresos e gastos asinado polo presidente ou responsable da entidade, na cal se reflectirá que o gasto realizado foi igual ou superior ao importe total da axuda, xunto cos xustificantes do gasto realizado e efectivamente pagado, como consecuencia da actividade obxecto da subvención.

3. O gasto total da subvención xustificárase por medio dunha memoria en que se detallan as accións e actividades desenvolvidas, acompañada da seguinte documentación:

a) Certificación que acredite, de xeito desagregado, os gastos contraídos polas actividades obxecto de subvención. Os gastos poderanse referir aos custos de persoal propio ou externo que participase directamente nos proxectos ou actividades, aos custos de alugamento de instalacións, locais ou equipos, ás adquisicións de materiais e bens correntes necesarios para a súa realización. En todo caso, estes gastos serán imputados polas entidades beneficiarias á actividade subvencionada na medida en que tales gastos se destinen á dita actividade.

b) Copia compulsada das nóminas, TC1 e TC2 do persoal da entidade que desenvolveu actividades subvencionables conforme o artigo 5 desta orde. Nos pagamentos correspondentes ao profesorado terase en conta a retención aplicable no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e achegarase copia do xustificante de ingreso ou transferencia bancaria na conta do profesor.

c) Facturas orixinais dos gastos ocasionados pola execución do proxecto ou actividade. As facturas deberán traer o IVE desagregado correctamente e achegar copia do documento bancario xustificante do seu pagamento.

4. No momento da xustificación final do gasto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das subvencións solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, así como doutros entes públicos ou privados, tanto das aprobadas e concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo obxecto que corresponde ás subvencións reguladas nesta orde.

5. Con carácter xeral, a certificación e xustificación da axuda de cada unha das accións formativas realizarase dentro dos 15 días seguintes a súa finalización e antes do 15 de outubro de 2011. Os xustificantes de pagamento da Seguridade Social do mes de outubro

poderán presentarse ata o 10 de novembro; de non entregarse antes desa data, non serán tidos en conta para a xustificación.

Artigo 10. *Financiamento.*

1. As axudas económicas reguladas nesta orde faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.422M.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011 e por un importe máximo de cen mil euros (100.000 euros). Estas axudas están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo nun 80% no marco do Programa operativo FSE Galicia 2007-2013, eixo 2, tema prioritario 71.

2. A dotación orzamentaria indicada no punto 1 poderase incrementar, se for procedente, con outros fondos do FSE e da comunidade autónoma. Nese suposto tramitarase o oportuno expediente de xeración, ampliación ou transferencia de crédito.

En todo caso, a concesión das axudas estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

Disposición adicional.

En todo o non previsto nesta orde observarase o sinalado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en todo o que non se opoña á citada lei.

Disposición derradeira primeira.

Facúltase a directora xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais para ditar as normas necesarias para a correcta aplicación e desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2011.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
 Dirección Xeral de Innovación e Industrias
 Agrarias e Forestais

ANEXO I
 (ENTIDADES)



UNIÓN EUROPEA
 FONDO SOCIAL EUROPEO
 "O FSE inviste no teu futuro"

PROCEDIMENTO AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS FORMATIVAS EN MATERIA AGROFORESTAL POR ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL DEDICADAS A FOMENTAR A INTEGRACIÓN SOCIAL E LABORAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO MR330A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF	
[]		[]	
ENDEREZO		Nº DO REGISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS	
[]		[]	
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
[]	[]	[]	[]
FAX			
[]			
CORREO ELECTRÓNICO			
[]			
NOME DO REPRESENTANTE LEGAL			DNI
[]			[]

DATOS DA ACCIÓN FORMATIVA

DENOMINACIÓN			
[]			
ENDEREZO DO LUGAR DE IMPARTICIÓN			
[]			
DATA PREVISTA DE INICIO	DURACIÓN PREVISTA	HORARIO PREVISTO	Nº ALUMNOS
[]	[]	[]	[]
TIPO DE DESTINATARIO			
[]			

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
[]	[]	[]	[]

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/>	XUSTIFICACIÓN DA INSCRICIÓN NO REGISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS
<input type="checkbox"/>	ACREDITACIÓN DE REPRESENTATIVIDADE SUFICIENTE PARA ASINAR A SOLICITUDE
<input type="checkbox"/>	FOTOCOPIA DO CIF DA ENTIDADE SOLICITANTE
<input type="checkbox"/>	CERTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS E DA TITULACIÓN ACADÉMICA DO PROFESORADO
<input type="checkbox"/>	MEMORIA CO PROGRAMA DA ACCIÓN FORMATIVA
<input type="checkbox"/>	RELACIÓN DE DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS
<input type="checkbox"/>	XUSTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, informólle que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

A presentación da solicitude de concesión de axuda polo interesado/a levará consigo a autorización ao órgano xestor para recadar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia. Non obstante, o/a solicitante ten a posibilidade de denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a xustificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e o certificado acreditativo de estar ao día das obrigas tributarias coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Autorizo a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso, tal como establece a disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación de rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas en materia agroforestal, por entidades de iniciativa social, dedicadas a fomentar a integración social e laboral de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social na Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2011.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO [] REVISADO E CONFORME []	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A REPRESENTANTE _____ de de		

Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais. Avenida do Camiño Francés 10, 15703 Santiago de Compostela

CVE-DOG: 465bcc226-9214-4aed-97c8-5496d0ef1825



